



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE), O COLEXIO OFICIAL DE ADMINISTRADORES DE FINCAS, AGAXEN, ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA AUDITORÍA SOCIOLABORAL DE XÉNERO E DA PREVENCIÓN DO ACOSO E DA VIOLENCIA DE XÉNERO NAS ORGANIZACIÓNS, PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E O ACOSO SEXUAL NO ENTORNO VECIÑAL

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

No mencionado ámbito material, no artigo 3.c) da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recóllese que o acoso sexual é unha forma de violencia de xénero.

O artigo 6 da antedita Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

(2) Antecedentes:

A violencia de xénero, incluído o acoso sexual, é un delito en moitos casos invisible, que en numerosas ocasións ten lugar na intimidade dos fogares, polo que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas é clave para a súa prevención, detección e para ofrecer axuda ás súas vítimas.

Ademais, a Disposición adicional segunda da Lei 11/2007 recolle que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e Administracións públicas con competencias na materia obxecto desta Lei, que sirvan de cauce de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

(3) Finalidade

Para os efectos sinalados, con data 20 de xullo de 2018 formalizouse co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e con AGAXEN (Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións), o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por obxecto establecer establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e





Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, para o apoio na prevención e detección de situacións de violencia de xénero entre as comuniddes de propietarios e propietarias nas que estean presentes os administradores e administradoras de fincas colexiados/as por mor do seu exercicio profesional, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia contra as mulleres que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña á súa disposición destas, coa finalidade de procurar a maior difusión posible da mesmo.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, para a prevención da violencia de xénero e o acoso sexual no entorno veciñal, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña á súa disposición destas, coa finalidade de procurar a maior difusión posible da mesmo, ao abeiro da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que dispón que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de cale de actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é impulsar a prevención da violencia de xénero e do acoso sexual no entorno veciñal.

(6) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

